

# APRENDER A FALAR COAS PLANTAS

MARTA ORRIOLS

TRADUCIÓN:  
ISAAC XUBÍN



## ANTES

Estabamos vivos.

Os atentados, os accidentes, as guerras e as epidemias non nos concernían. Podiamos ver películas que trataban con frivolidade o acto de morrer, outras que o convertían nun acto de amor, pero nós estabamos fóra da zona que contiña o significado verdadeiro de perder a vida.

Algunhas noites, desde o leito afastado, envoltos pola comodidade duns coxíns enormes e brandos, e desde a arrogancia da nosa mocidade tardía, mirabamos as noticias na penumbra, cos pés entrelazados, e era daquela cando a morte, sen que nós o soubésemos, se acomodaba toda azulada nos vidros das lentes do Mauro. Cento trinta e sete persoas morren en París a causa dos ataques reivindicados pola organización terrorista Estado Islámico, seis mortos en menos de vinte e catro horas nas estradas en tres choques frontais diferentes, o desbordamento dun río causa catro mortos nunha pequena vila ao sur de España, ao menos setenta mortos nunha cadea de atentados en Siria. E nós, que arreguizabamos durante un intre, quizais deixabamos que saíse das nosas bocas algo así como «mimá, como está o patio», ou «pobre, que mala sorte», e a noticia, se non tiña demasiada forza, esvaecía aquela mesma noite dentro dos límites do dormitorio dunha parella que tamén estaba a extinguirse. Cambiábamos de canle e mirabamos o final dunha película mentres eu concretaba a hora á que chegaría o día seguinte ou lle lembraba que pasase pola tinturaría para recoller o abrigo negro; se tiñamos un bo día, os últimos meses, quizais tentabamos facer o

amor, pero con desgana. Se a noticia chamaba máis a atención, os efectos podían prolongarse un pouco máis, comentábase no traballo á hora do café ou na ringleira da peixaría no mercado.

Pero nós estabamos vivos, a morte era cousa dos outros.

Empregabamos expresións como «estou morto» para expresar o cansazo despois dun día de moito choio sen que o adxectivo nos aguilloase a alma. Na época en que xusto acabamos de estrearnos eramos quen de aboiar no medio do mar, na nosa cala preferida, e facer a broma, cos labios cheos de salitre e sol, cun hipotético afogamento que acababa cun boca a boca de escándalo e risos a cachón. A morte non nos pertencía.

A morte que vivira cando nena —miña nai enfermara e morrera ao cabo de poucos meses— convertérase nunha lembranza borrosa que xa nin sequera proía. Meu pai veume buscar á escola cando había unha hora que volveramos do xantar. Centos de nenos e nenas subían as escaleiras de caracol para volver ás aulas desde o comedor comunitario, co exceso propio da vida que pasa mentres todo se detén nalgún punto concreto. Meu pai chegou á clase acompañado da directora, que chamou á porta xusto cando o profesor acababa de explicar que había animais vertebrados e animais invertebrados. O recordo da morte da nai quedoume cinguido para sempre á letra branca do xiz sobre o verde do encerado que dividía o reino animal en dous. Tamén había todas aquela miradas novas dos que até aquel intre foran os meus iguais, e eu, moi queda, sentía como me retiraba a un terceiro reino, o dos animais feridos aos que sempre lles faltará a nai.

Malia que non por iso vai ser menos terrible, aquela morte avisara, e naquel aviso atopábase a marxe de tempo que a precedía, o espazo para a despedida e os desexos, a prostración e a oportunidade para expresar o amor na súa totalidade. Existía, sobre todo, a inxenuidade de crer no ceo onde ma debuxaban e a inocencia dos meus sete anos que me salvaba de comprender a rotundidade da súa marcha.

O Mauro e mais eu fomos parella durante moitos anos. Despois, e só durante unhas horas, deixamos de selo. Morreu de súpeto hai uns meses, sen aviso previo. O coche que o atropelou levouno por diante a el e a moitas outras cousas.

Sen ceo nin consolo, con toda a pesada dor que corresponde á idade adulta, para evitar falar do Mauro en pasado, penso e falo a miúdo empregando os adverbios antes e despois. Hai unha barreira física. Estaba vivo aquel mediodía comigo, bebeu viño e pediu se lle podían pasar un pouco máis o bisté, atendeu un par de chamadas da editorial mentres xogaba co anel do pano de mesa, anotoume o título dun libro dunha autora francesa que me recomendou con paixón no reverso da tarxeta do restaurante, rañou o lóbulo da orella esquerda, incómodo ou avergonzado, quizais, e a seguir explicoume. Case tateaba. Ao cabo dunhas horas estaba morto.

O restaurante tiña un anaco de coral no logotipo. Míroo a miúdo. Gardo a tarxeta onde, con aquela caligrafía impoluta, trazou o título do libro que tanto lle gustara. Quizais porque cada quen é libre de embelecer a súa desgraza con tantos fucsias, amarelos, azuis e verdes como lle pida o corazón, desde o día do accidente penso

no antes e no despois da miña vida como a Gran Barreira de Coral, o baixío de coral máis grande do mundo. Cada vez que penso se unha cousa pasou antes ou despois da morte do Mauro esfórzome por imaxinar o arrecife de coral, para enchelo de peixes de cores e estrelas de mar, convertela nun ecuador de vida.

Cando a morte deixa de lles pertencer aos outros, cómpre facerlle un lugar con coidado ao outro lado do arrecife porque, se non, ocuparía todo o espazo con absoluta liberdade.

Morrer non é místico. Morrer é físico, é lóxico, é real.